


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

8-9 de novembro do 2025

XXXII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 4** *Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

No evanxeo de hoxe atopamos a uns veciños que con moi mala intención preguntan a Xesús, porque eles non teñen esperanza na vida vindeira. A resposta que lle dá Xesús é unha declaración de fe: Deus é un Deus de vivos.

Neste mes de novembro, no que dun xeito especial temos presente aos nosos seres queridos defuntos, é importante ter en conta esta afirmación para poder entender o sentido cristiá da nosa vida.

Para Deus todos, tamén os nosos defuntos, están vivos.

Convenzámonos da forza que ten esta nosa fe ben vivida e recoñezamos que todos estamos chamados a dar exemplo na vida ordinaria, nas nosas familias, na nosa participación na vida da parroquia...

Hoxe tamén celebramos o Día da Igrexa Diocesá, unha xornada para lembrar que non somos cristiáns illados, senón membros dunha gran familia que é a Igrexa Diocesá de Tui-Vigo.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Queremos agora pedir perdón ao Deus da vida, por tantos erros como temos. Confiamos na súa misericordia de Pai que sempre perdoo a quen se arrepiñe. Agora, con humildade recoñecemos que podemos facer mellor as cousas:*

Monitor/a

- ✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que somos signo de morte ao non dar a nosa man para facer comunidade. Señor, téndenos a túa man
- ✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que somos signo de morte ao virar as costas aos refuxiados e necesitados de paz. Cristo, téndenos a túa man
- ✓ Pedimos perdón, Señor, polas veces que somos signo de morte ao vivirmos cheos de aparencias, rutinas e medos. Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que xa non teñen esperanza. A todos nos concede Deus o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus o que levamos no corazón, e temos presente as nosas vivencias nestes días nos que recordamos aos nosos irmáns santos e defuntos.*
(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, concédenos a graza de sermos sempre xenerosos contigo e fai que te sirvamos de todo corazón nos nosos irmáns, pois neles faste presente no medio de nós.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na primeira lectura que hoxe imos escoitar, Paulo, fálanos de afincármonos nas obras boas.*

Cales son hoxe as nosas boas obras?

No evanxeo Xesús fai unha afirmación contundente “Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos, para El todos están vivos.

Esta é a nosa esperanza?

No Leccio I C páx 276 2 Tes 2, 16 - 3, 5 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO AOS TESALONICENSES

Irmáns e irmás:

O mesmo Señor noso Xesús Cristo e máis Deus, o noso Pai, que nos amou e que nos deu gratuitamente azos duradeiros e boa esperanza, vos dea ánimos e vos afinque en toda obra e palabra boa.

Polo demais, irmáns, rogade por nós, para que a mensaxe do Señor se difunda e se acolla con honor como pasou entre vós, e deste xeito nos vexamos libres da xente descamiñada e perversa: pois a fe non a teñen todos. Pero o Señor é fiel e afincaravos e protexeravos do Malo. Tocante a vós, fiámonos no Señor de que estades facendo e de que continuaredes a facer canto vos temos mandado. Que o Señor encamiñe os vosos corazóns ao amor de Deus e á paciente espera do Cristo.

Palabra do Señor

🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO



(en pé) No Lecc I C pág 277 **Lc 20, 27-38** EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela chegaron algúns saduceos -eses que negan que haxa resurrección- e preguntáronlle a Xesús:

- Mestre, Moisés deixou escrito: "Se lle morre a alguén o seu irmán sen deixar fillos, que case coa viúva de seu irmán, para lle dar descendencia". Pois dunha vez había sete irmáns. O primeiro casou, e morreu sen fillos. Despois casou con ela o segundo; e logo o terceiro; e así os sete foron casando coa viúva, morrendo tamén sen deixar fillos. Ao cabo, morreu tamén a muller. Ora, cando resuciten, de cal deles vai ser a muller, se estivo casada cos sete?

Xesús contestoulles:

- Neste mundo os homes e mailas mulleres casan entre eles. Pero os que sexan dignos da vida futura e da resurrección de entre os mortos, non poden morrer. Son fillos de Deus por naceren na resurrección.

E que resucitan os mortos, ben o deixou indicado Moisés, cando dixo do Señor, no episodio da silveira: O Deus de Abraham, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob. E Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos, para El todos están vivos.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Deus é un Deus de vivos, para El todos están vivos

- * Están vivos os homes e mulleres que deron bo exemplo na nosa familia, na nosa parroquia, aínda que xa non están con nós
- * Está vivo Gándara, sementando evanxeo en Kasempa e Kamakechi, cos seus esforzos para que aquelas xentes de Zambia teñan unha vida máis digna, aínda que el xa non está con nós
- * Está vivo Martin Luther King, soñando con un mundo no que brancos e negros vaian da man, aínda que el xa non está con nós
- * Está vivo Monseñor Romero, dando exemplo dunha igrexa do pobo, que non cala á hora de pedir xustiza para os pobres, aínda que el xa non está con nós
- * Está viva Teresa, a de Calcuta, coa súa vida entregada e empobrecida naquelas cidades da India, aínda que ela xa non está con nós.

Para Deus todos están vivos

PROFESIÓN DA FE

***Celebrante** Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus da vida que nos convida, nós queremos comprometernos dando resposta coa nosa fe. Dicimos:*

*♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***
Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai
de todos os homes e mulleres do mundo,
que nos creou para a VIDA,
unha vida que vai máis alá desta terra
que agradecidos compartimos e coidamos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos en Xesús Cristo,
o Resucitado que triunfou sobre a morte,
que nos aprendeu o camiño
da solidariedade e da misericordia,
da liberdade e da xustiza,
e que coa súa vida abre para nós esperanzas de paz?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos no Espírito Santo,
que alenta en nós a forza de ser Igrexa
para vencer as dificultades da vida,
e para sermos testemuñas da fe
e da esperanza sen límites na VIDA ETERNA?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Fiándonos de Xesús, ergamos a nosa voz ao Pai deixando que o corazón confiado fale dos mellores desexos para nós, para os Cotos, para a Diocese e para toda a humanidade. Dicimos:*

Señor da vida, escóitanos

Monitor/a

- ✓ Querendo ser vida, pedimos pola nosa comunidade, especialmente por quen se sente canso de vivir. Oremos
- ✓ Querendo ser vida, pedimos polos pobres, os que sofren, os que se atopan sos: para que sintan no seu camiñar as mans de Deus. Oremos
- ✓ Querendo ser vida, pedimos polos refuxiados tirados e polas mulleres que sofren violencia de xénero, para que polos nosos feitos atopen o que na vida non atoparon. Oremos
- ✓ Querendo ser vida, pedimos por todas as familias da nosa Diocese de Tui-Vigo, para que sigamos medrando na coherencia dunha fe crible. Oremos
- ✓ Querendo ser vida, pedimos por todas as persoas e pobos que hoxe non poden vivir en paz. Oremos

Celebrante: *Señor da vida, grazas porque hoxe acóllesnos e axúdasnos na responsabilidade de ser e dar bo exemplo. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos agora a oración que Xesús nos aprendeu sabendo que somos acollidos e escoitados polo Deus da vida que sempre nos agasalla coa súa man de Pai. Dicimos:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A fe, ou é signo de confianza, ou queda reducida a ritos baleiros. A fe, ou é loita pola vida, ou queda morta nas palabras.*

Fe, xustiza e paz camiñan da mesma man dando sentido á vida. Coma irmáns compartimos a terra que Deus nos dá, no propósito de querer facelo mellor. Fagámolo ben agora compartindo un xesto de paz.

🎵 **nº 38** *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa de parroquia, este altar é signo do compartir na vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño da fe, porque seguir a Xesús esixe facer na nosa vida o evanxeo.*

Ditosos nós por ser invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 58** *Acharte presente na vida*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a participación nesta celebración nos axude a medrar contigo e cos demais.

Que nos acade os teus beneficios na vida presente e confirme a nosa esperanza nos bens eternos.

Pedímoscho a Ti que es o Deus da vida e dos vivos por sempre eternamente. Amén

O Deus da VIDA confía en nós: no que dicimos, sentimos e facemos cada día.

As palabras coas que hoxe temos rezado fanse cribles na tolerancia e no respecto con quen pensa, vive e cree diferente.

Non deamos as costas ás persoas e aos pobos que foxen da morte, cando o único que buscan son migallas de vida.



**FAGÁMOLO BEN
E SEXAMOS VIDA
CON TODAS
AS PERSOAS
QUE SE MERECE
DIGNIDADE**

**“Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos,
para El todos están vivos”**

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

**Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga,† nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus**